

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

RESOLUCIÓN do 20 de maio de 2013 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas do Igape aos proxectos de creación de pequenas e medianas empresas ou de realización de investimentos en pequenas e medianas empresas novas promovidas por novos emprendedores, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.

O Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza do día 19 de marzo de 2013, acordou, por unanimidade dos membros asistentes, aprobar as bases reguladoras das axudas do Igape aos proxectos de creación de pequenas e medianas empresas ou de realización de investimentos en pequenas e medianas empresas novas promovidas por novos emprendedores, facultando o director xeral para a súa convocatoria, aprobación dos créditos e publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Na súa virtude, e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro.

Publicar as bases reguladoras das axudas do Igape aos proxectos de creación de pequenas e medianas empresas ou de realización de investimentos en pequenas e medianas empresas novas promovidas por novos emprendedores, cofinanciadas ao 80 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, eixe 2, tema prioritario 09, actuación 4, e convocar para 2013 as ditas axudas en réxime de concorrencia non competitiva.

Segundo. *Prazo presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 30 de outubro de 2013 ou no intre do esgotamento do crédito orzamentario, o cal será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape www.igape.es.



Terceiro. *Créditos*

Os créditos dispoñibles para concesións nesta convocatoria aboaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e polos seguintes importes e coa seguinte distribución plurianual:

Partida orzamentaria	Ano 2013	Ano 2014
08.A1.741A.7704	1.200.000,00 €	200.000 €

Non se poderán outorgar subvencións por contía superior á que se determine na presente convocatoria, salvo que se realice unha nova convocatoria, ou se produza un incremento de créditos derivados dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito; ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, ao abeiro do disposto no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O director xeral do Igape poderá ampliar os créditos e modificar as partidas orzamentarias, logo de declaración de dispoñibilidade dos créditos nos termos referidos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, mediante resolución publicada para o efecto

Cuarto.

Os requisitos das letras c), e), f), h), i), k), l), m) e n) do artigo 20.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, indícanse nas bases anexas a esta resolución.

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2013

Javier Aguilera Navarro

Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

Bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) aos proxectos de creación de pequenas e medianas empresas ou de realización de investimentos en pequenas e medianas empresas novas promovidas por novos emprendedores, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) Galicia 2007-2013

O Instituto Galego de Promoción Económica, no cumprimento das súas funcións, desempeña un papel esencial no desenvolvemento de programas e iniciativas que contribúan a acadar os obxectivos económicos estratéxicos da comunidade galega.



A necesidade de que as administracións públicas implanten medidas concretas para fomentar o emprendemento e apoiar o emprendedor como axente dinamizador da economía en Galicia, vén dada polo alto grao de representatividade das pequenas e medianas empresas, determinantes do crecemento económico e soporte para a creación de emprego.

O contexto de incerteza actual require, máis que nunca, unha xestión eficaz e eficiente dos recursos públicos, creando contornas favorables que aceleren e consoliden a actividade emprendedora. Un dos retos actuais para o Goberno de Galicia nos momentos actuais é o crecemento empresarial, proporcionando unha contorna laboral máis estable, que permita o desenvolvemento dunha economía máis equilibrada. O respaldo aos emprendedores é fundamental para que poidan actuar como catalizadores do repuntamento da nosa economía.

Co obxectivo de estimular e impulsar a recuperación do tecido empresarial na comunidade autónoma, fomentar o desenvolvemento equilibrado do territorio galego e favorecer a creación de emprego a través da creación de empresas por parte de novos emprendedores, o Igape desenvolve un sistema de incentivos de apoio a proxectos de ata 500.000 € de investimento subvencionable.

O Consello da Xunta de Galicia, nas súas reunións do 24 de setembro e do 22 de outubro de 2009, aprobou o Programa Impulsa-Lugo e o Programa Impulsa-Ourense, respectivamente, nos que se establecen, entre outras, as medidas transitorias de apoio aos investimentos. Dada a situación económica actual na que as provincias de Lugo e Ourense e os concellos de Ferrolterra e Costa da Morte, se viron afectados con especial incidencia pola desaceleración no desenvolvemento das empresas existentes, así como unha menor implantación de novas iniciativas empresariais, considérase fundamental que o Igape, a través das súas liñas de axuda, conceda un nivel superior de intensidade de axuda ás iniciativas empresariais implantadas nestas áreas xeográficas coa finalidade de estimular o seu desenvolvemento económico e social.

Considerando o carácter básico do Igape como instrumento de promoción eminentemente horizontal e aberto á colaboración cos distintos departamentos da Xunta de Galicia, ademais do previsto nestas e demais bases, poderá xestionar e canalizar cara ao tecido empresarial outras medidas de acordo cos departamentos competentes por razón de materia.

As convocatorias de axuda serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* mediante resolución do director xeral do Igape. Estas convocatorias incluírán o procedemento de tramitación, o prazo de presentación de solicitudes e os créditos asignados.



A tramitación destas axudas exclúe a concorrencia competitiva con base no establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por canto serán subvencionables todos os proxectos que cumpran os requisitos establecidos nestas bases reguladoras, ata o esgotamento do crédito.

Artigo 1. *Proxectos subvencionables*

Serán subvencionables os proxectos de creación de pequenas e medianas empresas ou de realización de investimentos en pequenas e medianas empresas novas promovidas por novos emprendedores para a ampliación do seu novo establecemento que cumpran os requisitos establecidos nestas bases reguladoras, entre eles:

a) Non teñan comezado antes da presentación da solicitude de axuda.

b) Presenten un custo subvencionable superior a 35.000 € e non superior a 500.000 €, que se realizará no prazo de execución do proxecto que se estableza na resolución de concesión; se o custo subvencionable resultase superior a 500.000 €, o Igape reduciría a base subvencionada a esta cantidade.

c) Os gastos e/ou investimentos subvencionables terán que estar localizados no centro de traballo da empresa en Galicia.

Considérase novo emprendedor, para os efectos destas bases, aquela persoa física que non estea acometendo outra actividade económica por conta propia á data de presentación da solicitude de axuda. Considerarase que non se cumpre esta condición cando unha persoa no momento da solicitude figure de alta no RETA cunha antigüidade superior a un ano ou detente unha participación igual ou superior ao 25 % noutra sociedade mercantil.

Artigo 2. *Beneficiarios*

Poderán ser beneficiarios destas axudas as pequenas e medianas empresas segundo a definición establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento (CE) nº 800/2008 (DOUE L 214, do 9 de agosto), polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías), nas que non concorra algunha das cir-



cunstancias previstas no artigo 10.2 e 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño) e cumpran as seguintes condicións:

1. Composición do capital, no caso de sociedades mercantís:

a) O seu capital terá que atoparse maioritariamente participado pola suma das participacións de persoas físicas que non estean acometendo outras actividades económicas por conta propia á data de presentación da solicitude e das achegas de entidades de capital risco e investidores privados adscritos a unha rede asimilable ás coñecidas como redes de *business-angels*. Cando da documentación e datos que consten no expediente, se observase que se produce continuidade empresarial, por baixa recente (antigüidade menor a un ano) nunha actividade que é igual ou similar á que se propón como nova, ou por razóns que permiten concluír unha continuidade de empresa preexistente, poderase denegar motivadamente a axuda.

b) A participación no capital da empresa de persoas, físicas ou xurídicas, que si estean desenvolvendo outras actividades económicas na data de solicitude, non poderá exceder conxuntamente o 49 %. Polo menos unha das persoas físicas cunha participación superior ao 20 % no capital e sen outra actividade económica por conta propia á data de solicitude, deberá ter unha dedicación plena ao proxecto, e non poderá desempeñar outra actividade por conta allea desde a alta de actividade da nova empresa (ou no caso de contar con alta de actividade no momento da solicitude de axuda desde o día da dita solicitude) e ata a fin do período de execución do proxecto.

2. Antigüidade na actividade empresarial:

i) No caso de autónomos a data de alta censal non poderá ter unha antigüidade superior a un ano no momento da solicitude de axuda e deberá ter unha dedicación plena ao proxecto, e non desempeñar outra actividade por conta propia ou allea desde a alta de actividade (ou no caso de contar con alta de actividade no momento da solicitude de axuda desde o día da dita solicitude).

ii) No caso de sociedades, tanto a súa data de constitución como a súa data de alta censal, non poderán ter unha antigüidade superior a un ano no momento da solicitude de axuda.



3. Contribución financeira exenta de axudas públicas:

Os beneficiarios deberán achegar para o proxecto de investimento unha contribución financeira exenta de calquera tipo de apoio público de polo menos un 25 % do seu importe, sexa mediante recursos propios ou mediante financiamento externo.

4. Actividades:

4.1. Están excluídas das axudas as seguintes actividades, segundo o Regulamento (CE) nº 800/2008 (DOUE L 214, do 9 de agosto):

a) As actividades de produción primaria dos produtos agrarios, e as actividades nos sectores da pesca e da acuicultura regulamentadas polo Regulamento (CE) nº 104/2000:

- CNAE 09: divisións 01, 02, 03 e 05 (todos os grupos e clases agás 01.61, 01.62 e 02.40).
- CNAE 09: grupo 10.2 (todas as clases) e clase 46.38.

b) O sector da industria siderúrxica conforme a definición que recolle o anexo I das directrices comunitarias sobre as axudas de estado de finalidade rexional para o período 2007-2013 (2006/C 54/08):

- CNAE 09: grupos 24.1, 24.2 e 24.3 (todas as clases) e clases 24.51, 24.52.

c) O sector de fibras sintéticas conforme a definición que recolle o anexo II das directrices comunitarias sobre as axudas de estado de finalidade rexional para o período 2007-2013 (2006/C 54/08).

d) O sector do carbón e do aceiro:

- CNAE 09: división 05 (todos os grupos e clases).

e) O sector da construción naval consonte o disposto na comunicación da comisión DO C 160, do 28 de outubro de 2006:

- CNAE 09: clase 30.11.

4.2. Nos subsectores de hostalaría, restauración e hospedaxe, unicamente serán subvencionables as actividades de restaurantes, e de hoteis de dúas estrelas ou superiores.



Artigo 3. *Procedemento e réxime de aplicación*

3.1. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, segundo a excepción prevista no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As solicitudes de axuda presentadas en prazo e cos requisitos establecidos nestas bases tramitaranse e resolveranse por orde de entrada en rexistro do expediente completo e ata o esgotamento do crédito, do que se fará publicidade no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape www.igape.es. Xustifícase a excepcionalidade por canto neste casos non é necesaria a comparación de proxectos entre si, polo interese especial de promover calquera proxecto de creación de empresa que, cumprindo os requisitos especificados nestas bases, poidan levar adiante en Galicia novos emprendedores, máis incluso na actual situación de dificultades na economía; así mesmo, a concorrencia non competitiva é o mecanismo que permite que os proxectos subvencionables poidan ser atendidos en todo momento, mantendo a posibilidade de solicitude aberta de xeito continuo.

3.2. As axudas aos gastos de investimento previstas no artigo 6.1.a) destas bases incardínanse no artigo 13 do Regulamento (CE) nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008, xeral de exención por categorías (DOUE L 214, do 9 de agosto).

3.3. As axudas aos gastos de aprovisionamento e os gastos de aluguer de bens inmoables previstos no artigo 6.1.b) e c) destas bases incardínanse no artigo 14 do Regulamento (CE) nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008, xeral de exención por categorías (DOUE L 214, do 9 de agosto). No caso de concesión de axudas sobre estes gastos a beneficiarios que superen os límites de pequena empresa establecidos no dito regulamento incardínarase no réxime de axudas *de minimis* establecido no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis* (DOUE L 379/5 do 28.12.2006).

3.4. As axudas aos gastos do informe de auditor previstos no artigo 6.1.d) destas bases, incardínanse no artigo 26 do Regulamento nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008, de exención por categorías.

3.5. A resolución de concesión determinará os importes de subvención que correspondan a cada epígrafe.

3.6. A subvención aos proxectos estará cofinanciada nun 80 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, eixe 2, tema prioritario 09, actuación 4 e están sometidos ás obrigas de información e difusión



establecidas na regulamentación da UE, en particular os regulamentos (CE) nº 1083/2006 do Consello, do 11 de xullo de 2006 (DOUE L 210/25, do 31 de xullo de 2006), Regulamento (CE) nº 1080/2006, do 5 de xullo de 2006, do Parlamento Europeo e do Consello (DOUE L 210/1, do 31 de xullo) e Regulamento 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006 (DOUE L 45, do 15 de febreiro de 2007). Os gastos subvencionables cumprirán os requisitos establecidos pola Orde EHA/524/08, do 26 de febreiro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e do Fondo de Cohesión (BOE nº 53, do 1 de marzo de 2008).

Artigo 4. *Concorrenza con outras axudas ou subvencións públicas*

4.1. Estas axudas son incompatibles con calquera outra axuda ou subvención para o mesmo proxecto cofinanciada con fondos ou instrumentos da UE, agás coas axudas ou programas de carácter financeiro: como subsidiación ao tipo de xuro, microcréditos, garantías ou préstamos directos.

4.2. Noutro caso, as axudas serán compatibles con calquera outra liña de subvencións, sempre que respecten as intensidades de axuda máxima indicadas nestas bases.

4.3. A obtención doutras axudas ou subvencións ao mesmo proxecto deberá comunicarse ao Instituto Galego de Promoción Económica tan axiña como se coñeza e, en todo caso, no momento en que se presente documentación xustificativa do proxecto realizado.

En todo caso, antes de conceder a axuda, solicitarase da empresa unha declaración escrita ou en soporte electrónico, sobre calquera axuda recibida para este mesmo proxecto, así como das axudas recibidas en réxime *de minimis*. O incumprimento do disposto neste artigo considerarase unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e poderá dar lugar a un procedemento de reintegro.

Artigo 5. *Intensidade da axuda*

5.1. Segundo o tipo de gasto subvencionable, a intensidade da axuda concedida non poderá superar:

5.1.1. Para os gastos de investimento:

a) Como regra xeral:

– Ata o 40 % para medianas empresas.



– Ata o 50 % para pequenas empresas.

– Ata o 30 % para empresas do sector do transporte.

b) Axudas ao investimento no sector da transformación e comercialización de produtos agrícolas, ata o 50 %.

5.1.2. Para os gastos de aluguer a pequenas empresas de recente creación do artigo 14 do Regulamento (CE) nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008, xeral de exención por categorías; ata o 35 % dos custos subvencionables.

5.1.3. Para os gastos de informe de auditor do artigo 26 do Regulamento (CE) nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008, xeral de exención por categorías; ata o 50 % dos custos subvencionables.

5.1.4. No caso das axudas outorgadas en réxime *de minimis* aos gastos de aprovisionamento e os gastos de aluguer de bens inmobles concedidos a beneficiarios que superen os límites de pequena empresa, comprobarase que as axudas totais concedidas en réxime *de minimis* a estes beneficiarios non superarán os 200.000 € no exercicio corrente e nos dous exercicios anteriores. O límite máximo de axuda total *de minimis* redúcese a 100.000 € para as empresas que operen no sector de transporte por estrada.

5.2. Respectando os límites establecidos para cada tipo de gasto no artigo 5.1. anterior, a intensidade de axuda concedida establécese entre un mínimo dun 15 % dos gastos subvencionables e un máximo do 50 %. A dita intensidade da axuda resultará da aplicación da seguinte fórmula: $15+35 \times (\text{puntos obtidos}/100)$ da puntuación obtida coa aplicación dos seguintes criterios:

I) En xeral:

a) A localización do proxecto, segundo o anexo III destas bases (máximo 20 puntos).

Aplicaranse 20 puntos para os proxectos do anexo III.a), 10 puntos para os do anexo III.b) e 5 para os do anexo III.c).

b) Compromiso de creación de emprego indefinido por conta allea. Outorgaranse 3 puntos por cada novo emprego que se comprometan a crear. Asignaráselles 2 puntos adicionais se o compromiso relativo a algún dos empregos a crear nese período pertence a colectivos con dificultades de acceso ao emprego: persoas desempregadas que esgotasen



as prestacións por desemprego, persoas desempregadas de máis de 45 anos, mozas e mozos menores de 30 anos, vítimas de violencia de xénero, persoas con discapacidade, persoas desempregadas que pertencen a colectivos en risco de exclusión social ou mulleres desempregadas. (máximo 20 puntos).

c) O sector de actividade a que se dirixe o proxecto (máximo 20 puntos). Aos proxectos dos sectores relacionados no anexo IV destas bases asignaráselle 20 puntos. Asignándose-lles 10 puntos aos proxectos pertencentes a sectores non prioritarios.

d) O valor engadido medio xerado pola actividade económica en que se vai encadRAR o proxecto (en función da *ratio* asignable a cada sector de actividade a 2 díxitos), segundo as táboas indicadas no anexo V destas bases. (0-25 puntos).

A puntuación vén dada por aplicación da seguinte fórmula: (valor engadido medio do sector \times 20)/92,66; sendo 92,66 o valor máis alto do valor engadido bruto/Ingresos dos distintos sectores de actividade.

e) A cualificación do proxecto como Iniciativa de Emprego de Base Tecnolóxica (lebt) polo órgano competente da Xunta de Galicia. (15 puntos).

II) Para os proxectos que se implanten nos concellos das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, concellos da Costa da Morte, concellos da provincia de Lugo e concellos da provincia de Ourense adoptaranse as seguintes medidas de prioridade específica:

1. Nos criterios de determinación do importe da subvención, o criterio de localización puntuarase co valor máximo.

2. Para os proxectos localizados nos mencionados concellos garántese unha axuda mínima do 25 % dos custos subvencionables.

Artigo 6. *Gastos subvencionables e non subvencionables*

6.1. Para os efectos de cálculo da subvención a fondo perdido consideraranse integrados na base subvencionable os conceptos seguintes, que reúnen os requisitos establecidos na Orde EHA/524/08, do 26 de febreiro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e do Fondo de Cohesión (BOE nº 53, do 1 de marzo de 2008):

a) Investimentos realizados en:

i. Obra civil para construción, reforma ou habilitación de instalacións, suxeitos aos módulos máximos de custo subvencionable que se achegan como anexo VI.



ii. Bens de equipamento: maquinaria de proceso, utensilios, equipamentos informáticos, mobiliario, instalacións específicas para a actividade subvencionable, elementos de transporte interior, vehículos especiais de transporte exterior, medios de protección do ambiente e outros bens de equipamento ligados ao proxecto. Nos sectores do transporte e loxístico non serán subvencionables os elementos de transporte exterior.

iii. Outros investimentos en activos fixos mobiliarios.

iv. Investimentos en inmovilizado inmaterial: aplicacións informáticas, gastos de investigación e desenvolvemento; propiedade industrial e intelectual, podendo incluír licenzas de fabricación, patentes e o canon fixo de franquías no seu primeiro ano, que cumpran as condicións do artigo 12.2 do Regulamento (CE) nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008, xeral de exención por categorías (DOUE L 214, do 9.8.2008).

b) Gastos de aprovisionamentos de materias primas, produtos terminados ou servizos de profesionais independentes necesarios para vender un produto ou servizo. Podendo representar ata o 10 % do proxecto subvencionado total.

c) Os gastos de aluguer de bens inmoables, ata un prazo máximo dun ano.

d) Os gastos do informe de auditor a que fai referencia o artigo 17.6 destas bases.

6.2. Serán subvencionables os custos realizados e pagados dentro do prazo de execución do proxecto establecido na resolución de concesión. O dito prazo iniciarase coa presentación da solicitude de axuda e finalizará na data establecida na resolución de concesión en atención ás características do proxecto para os efectos de cumprimento de todas as condicións da subvención.

Ningún dos custos alegados, sobre os que se solicita subvención, poderán ser incorridos con carácter previo á solicitude da axuda; de ser así, o proxecto, no seu conxunto, sería non subvencionable.

6.3. Os bens obxecto do investimento deberán ser adquiridos polo beneficiario en propiedade. No caso de adquisición dos bens mediante fórmulas de pagamento aprazado, estes tamén deberán pasar a ser de propiedade plena da empresa antes do remate do prazo de execución do proxecto, debendo constar neste momento o vencemento e pagamento das cantidades aprazadas e efectuados todos os pagamentos por calquera concepto.



6.4. O investimento en inmobles terá que ser mantido no centro de traballo en Galicia durante polo menos 5 anos dende a finalización do prazo de execución do proxecto e o resto do investimento e o emprego tido en conta na concesión polo menos 3 anos desde a finalización do dito prazo. O investimento subvencionado poderá ser substituído no caso de obsolescencia, sempre e cando a actividade económica da beneficiaria se manteña en Galicia durante este período. Neste caso, deberá quedar constancia contable e no inventario da empresa da substitución efectuada. Todos os investimentos deberán realizarse en bens novos.

6.5. No caso dos activos intanxibles, para ser considerados subvencionables, deberán cumprir ademais todas estas condicións: 1) empregaranse exclusivamente na empresa beneficiaria da axuda; 2) consideraranse activos amortizables; 3) adquiriranse a terceiros en condicións de mercado sen que o adquirente estea en posición de exercer control sobre o vendedor, ou viceversa; 4) deberán incluírse nos activos da empresa.

6.6. Non se subvencionarán os gastos e/ou investimentos cuxo importe sexa superior ao indicado no anexo VI destas bases reguladoras.

6.7. Os investimentos e gastos previstos polo solicitante deberán ser especificados na solicitude, coa planificación anualizada destes. O Igape, para cada proxecto que resulte aprobado, establecerá na resolución individual correspondente os investimentos subvencionados ata o remate do prazo de execución do proxecto.

6.8. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o rexeito refundido da Lei de contratos do sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que, polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, o que deberá acreditar o solicitante. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán presentarse coa solicitude de axuda, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta economicamente máis vantaxosa. As ofertas deberán ter sinatura e selo orixinal do provedor. Para modificar o provedor seleccionado deberá pedir previamente á súa contratación autorización ao Igape e xustificar as razóns do cambio.



6.9. Quedan expresamente excluídos do ámbito de aplicación destas bases os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación e os impostos persoais sobre a renda.

6.10. Os gastos subvencionables deberán ser contratados e pagados directamente entre o beneficiario da axuda e o provedor final. Os provedores non poderán estar vinculados coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores. En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades.

6.11. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Artigo 7. *Consentimentos e autorizacións*

7.1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

7.2. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións, convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos. Todo isto consonte o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, pola que se regula a protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

7.3. De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, o Igape publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

A devandita autorización esténdese á cesión dos seus datos persoais á entidade colaboradora do Igape, á entidade financeira en que se aboe o pagamento das axudas, ao *Diario Oficial de Galicia* e ás demais cesións previstas na lei.



O solicitante poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, sito no complexo administrativo de San Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela, en aplicación do disposto no Decreto 132/2006.

7.4. A presentación da solicitude polo interesado comportaralle a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, segundo o disposto no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. No caso de que o solicitante denegue expresamente esta autorización deberá, obrigatoriamente, presentar as certificacións coa solicitude. No caso de que o solicitante deba presentar estes certificados na fase de emenda, logo de que a consulta polo órgano xestor non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de emisión do certificado telemático, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.

7.5. A presentación da solicitude tamén autoriza o órgano xestor para acceder ao Sistema de Verificación de Datos de Identidade, co fin de evitar a achega do DNI do solicitante ou do seu representante legal. No caso de que o solicitante denegue expresamente esta autorización deberá, obrigatoriamente, presentar o DNI coa solicitude.

7.6. As propostas que resulten seleccionadas pasarán a formar parte da lista pública de beneficiarios prevista nos artigos 6 e 7.2.d) do Regulamento (CE) nº 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006.

Artigo 8. *Solicitudes*

8.1. Dentro do prazo establecido na convocatoria para presentar a solicitude de axuda, os interesados deberán cubrir previamente un formulario descritivo das circunstancias do solicitante e do proxecto para o que solicita a subvención a través da aplicación establecida no enderezo da internet <http://www.tramita.igape.es>.

8.2. Co fin de prestar asistencia para cubrir o formulario, o Igape pon á disposición dos interesados o seu servizo de asistencia técnica, a través do mencionado enderezo da internet ou dos números de teléfono 902 30 09 03 ou 981 54 11 47, ou os que en cada momento se establezan para esta finalidade. Dende este servizo poderá accederse á aplicación informática e cubrir o formulario e xerar o IDE identificativo, no caso de que o solicitante non dispoña dun acceso directo á internet.



Deberán cubrirse necesariamente todos os campos do formulario establecidos como obrigatorios, tras o cal a aplicación emitirá un identificador de documento electrónico (IDE) que identificará univocamente a solicitude de axuda. O IDE estará composto de 40 caracteres alfanuméricos e obterase mediante o algoritmo estándar de extractado SHA-1 160 bits a partir do documento electrónico xerado pola aplicación informática citada anteriormente.

8.3. Poderanse cubrir e obter os formularios a través da aplicación informática ata as 14.00 horas do día da data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

8.4. As solicitudes de axuda presentaranse mediante a instancia normalizada que se obterá de xeito obrigatorio na citada aplicación informática e que se xunta como anexo I a estas bases a título informativo. Na instancia será obrigatorio a inclusión dos 40 caracteres alfanuméricos do IDE obtido no paso anterior. As solicitudes que carezan do IDE ou nas cales este sexa erróneo (sexo porque ten un formato erróneo ou porque non foi xerado pola aplicación informática) non serán tramitadas, concedéndolles aos solicitantes un prazo de 10 días para a súa emenda, transcorrido o cal se lles terá desistidos da súa petición, logo de resolución de arquivo.

8.5. Xunto coa instancia de solicitude, presentarase a seguinte documentación:

8.5.1. Para todas as solicitudes:

a) Certificado de vida laboral á data de solicitude de axuda dos promotores (persoas físicas) que cumpran a condición de novo emprendedor segundo o artigo 1 das bases reguladoras.

b) Declaración asinada por todos os promotores que, cumprindo as condicións de novo emprendedor, vaian dedicarse en exclusiva ao proxecto empresarial para o que se solicita axuda.

c) Plan de empresa, o cal se debe xuntar como documento ao formulario de solicitude.

d) As tres ofertas que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba ter solicitado o beneficiario, de acordo co establecido no artigo 6.8 das bases reguladoras. Calquera cambio na oferta seleccionada deberá contar coa autorización do Igape, segundo o disposto no citado artigo.

e) Proxecto técnico visado elaborado para a obtención da correspondente licenza urbanística no caso de proxectos que recollan gastos de obra civil (construción ou reforma



de nave, oficinas, locais comerciais etc). Exceptúase da necesidade de presentación de proxecto técnico a execución de obras ou instalacións menores.

8.5.2. Para sociedades xa constituídas:

a) Escritura de constitución e dos estatutos debidamente inscritos no rexistro competente.

b) Poder do representante que presenta a solicitude, inscrito, se é o caso, no rexistro competente.

8.5.3. Para sociedades en constitución:

a) Certificado do Rexistro Xeral de Sociedades Mercantís da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado do Ministerio de Xustiza, ou do rexistro competente, de non figurar inscrita a futura denominación social da entidade que se vai constituír.

b) Proxecto de estatutos da sociedade, o cal se debe xuntar como documento ao formulario de solicitude.

Nestes casos deberá acreditarse a válida constitución da sociedade con anterioridade a ditarse a proposta de resolución. Para tal fin, a documentación establecida no artigo 8.5.2 anterior terá que ser presentada no Igape no prazo máximo de tres meses dende a presentación da instancia de solicitude (en caso de coincidir en sábado ou día inhábil en Santiago de Compostela, o prazo finalizará o día hábil seguinte) e, en todo caso, antes do 31 de decembro do exercicio da convocatoria das bases. Transcorrido o dito prazo sen tela presentada ou se a documentación presentada fose incorrecta, e logo de requirimento para a súa emenda no prazo de dez días, o Igape arquivará o expediente.

De acordo co disposto no artigo 35.f) da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 20.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, non será necesario presentar a documentación que xa se atope en poder do Igape, sempre que se manteña vixente e se identifique no formulario de solicitude o procedemento administrativo para o que foi presentada. No suposto de imposibilidade material de obter a documentación ou no caso de que se constate a non validez desta, o órgano competente poderá requirirille ao solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento.



8.6. O interesado presentará a instancia de solicitude co IDE e a documentación anexa, en orixinal ou copia cotexada (agás a documentación que se debe xuntar como documento ao formulario de solicitude), no rexistro xeral dos servizos centrais do Igape, nas súas oficinas territoriais ou a través dalgunha das formas recollidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

8.7. Así mesmo, os interesados poderán asinar electronicamente a instancia de solicitude co IDE e presentala no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>). Neste tipo de presentación, de conformidade co artigo 35.2 da Lei 11/2007, os interesados deberán achegar coa solicitude as copias dixitalizadas dos documentos relacionados no artigo 8.5, responsabilizándose e garantindo a persoa que asina a solicitude a fidelidade dos ditos documentos co orixinal mediante o emprego da súa sinatura electrónica. O Igape poderá requirir ao interesado a exhibición do documento ou da información orixinal. A achega de tales copias implica a autorización para que a Administración acceda e trate a información persoal contida en tales documentos.

Para achegar xunto coa instancia de solicitude os documentos en formato electrónico o solicitante deberá previamente dixitalizar os documentos orixinais obtendo arquivos en formato PDF. A aplicación informática permitirá anexar estes arquivos en formato PDF sempre que cada arquivo individual non supere os 4 MB. No caso de que un documento PDF ocupe máis do dito tamaño, deberá xerarse con menor tamaño. Calquera outro formato de arquivo distinto do PDF non será aceptado pola aplicación informática nin será considerado como documentación presentada.

Os solicitantes por esta vía telemática deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Será necesario que o asinante da solicitude teña a representación da empresa ou entidade solicitante.

Esta representación deberá ser individual ou solidaria, de xeito que coa súa sinatura abonde para acreditar a vontade do solicitante.

b) O asinante deberá posuír un certificado dixital en vigor baixo a norma X.509 V3 válido tal e como especifica a Orde do 25 de novembro de 2004, da Consellería de Economía e Facenda, pola que se establecen as normas específicas sobre o uso da sinatura electrónica nas relacións por medios electrónicos, informáticos e telemáticos coa Consellería de Facenda e os seus organismos e entidades adscritas (DOG nº 239, do 10 de decembro).



Os certificados de clase 2 CA emitidos pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda serán válidos para efectos de presentación de solicitudes. Se o certificado corresponde a unha persoa física, a súa representación acreditarase documentalmente ao longo da tramitación do expediente.

c) A presentación ante o Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia admite a sinatura da solicitude por parte dunha soa persoa física. No caso de que deba ser asinada por máis dunha persoa (por exemplo solicitudes con dous asinantes, representación mancomunada etc), deberá necesariamente anexar un documento en que se deixe constancia de que todos os asinantes autorizan un deles para presentar a solicitude. Este documento realizárase en papel con sinaturas manuscritas e deberá ser escaneado a formato PDF para ser anexado.

d) Unha vez asinada a instancia de solicitude co IDE, mediante certificación dixital do presentador, e transferidos estes ao Igape, procederáse á anotación dunha entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia.

e) No momento da presentación o rexistro expedirá, empregando as características da aplicación telemática, un recibo en que quedará constancia do feito da presentación.

f) Os interesados que cumpran os requisitos do punto b) anterior, tamén poderán empregar a vía telemática para a recepción de notificacións do Igape e para o envío de escritos ao órgano xestor da axuda. Para a recepción de notificacións será preceptivo que o solicitante teña indicado no formulario a súa preferencia polo emprego da notificación telemática neste procedemento de axudas. Neste caso o solicitante deberá acceder á web do Igape no enlace tramitación telemática, para recibir as notificacións. O sistema solicitará do interesado o seu certificado dixital en vigor, e a sinatura electrónica dun xustificante de recibo das notificacións (xustificante de recepción telemático). Os efectos destas notificacións serán os establecidos na Lei 11/2007, do 22 de xuño (BOE nº 150, do 23 de xuño) e no Decreto 198/2010, do 2 de decembro, que regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

8.8. Os solicitantes poderán obter en todo momento un xustificante da recepción por parte do Igape dos termos da súa solicitude contidos no formulario. Deberano solicitar no enderezo de correo electrónico informa@igape.es, indicando os 40 caracteres do IDE e o enderezo de correo electrónico en que desexan recibir o xustificante. Dentro do prazo de presentación de solicitudes poderán modificarse os termos da solicitude inicial, utilizando para isto a aplicación informática para xerar un formulario modificado, cuxo IDE será de



obligatoria inclusión no escrito de comunicación ao Igape das ditas modificacións. Para efectos de prioridade na resolución terase en conta a data de presentación da solicitude modificada.

Artigo 9. *Órganos competentes*

A Área de Competitividade será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención, e corresponde, por delegación do Consello de Dirección do Igape, ao titular da Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica ditar a resolución que poña fin ao procedemento administrativo.

Artigo 10. *Entidades colaboradoras*

De conformidade co establecido no artigo 9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Igape poderá designar entidades colaboradoras para a xestión da subvención, cumprindo os requisitos do artigo 10 da mencionada lei. As entidades colaboradoras designaranse con base na súa experiencia na xestión de proxectos no eido do emprendedurismo. Non se prevé a constitución de garantía por parte das entidades colaboradoras salvo que a colaboración inclúa o aboamento directo das subvencións; neste caso prevese que as entidades previstas no artigo 13.4 da Lei de subvencións no procedemento de selección constituirán garantía polo 1 % do orzamento previsto.

Artigo 11. *Instrución dos procedementos*

11.1. A solicitude de axuda será examinada polos servizos técnicos do Igape ou das súas entidades colaboradoras, en función dos datos relativos ao solicitante e ao proxecto declarados na solicitude de axuda e no formulario.

11.2. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude ou o formulario non reúnen algunha das informacións exixidas, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixese, se considerará que desiste na súa petición, logo da correspondente resolución. Este requirimento de emenda tamén se fará se das certificacións obtidas de conformidade co artigo 7.4 destas bases resulta que o solicitante non se atopa ao día no pagamento das súas obrigas tributarias e sociais co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.



11.3. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse o solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

11.4. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de denegación, en que se indicarán as causas desta.

11.5. Instruído o procedemento e inmediatamente antes de ditar proposta de resolución, poñerase de manifesto aos interesados, para que no prazo de dez días poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións pertinentes. Non obstante, poderase prescindir deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin se teñan en conta na resolución outros feitos, alegacións ou probas que as aducidas polos interesados.

Artigo 12. *Resolución*

12.1. Unha vez examinada a solicitude, a proposta de resolución será elevada ao titular da Dirección Xeral do Igape. O procedemento de concesión resolverase no prazo de quince días desde a data de elevación da proposta de resolución e axustarase ao disposto no artigo 34 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia, así como o contido da resolución.

12.2. Na resolución de concesión de axuda, farase constar o importe do concepto subvencionable que hai que xustificar, a contía e a porcentaxe da axuda concedida, o prazo máximo para executar o proxecto e o prazo máximo para presentar a xustificación ao Igape. Así mesmo, constará a obriga por parte do beneficiario de indicar en todo labor de difusión, publicidade ou análogo da actividade subvencionada, a mención expresa de que a dita actuación foi financiada polo Igape e pola Consellería de Economía e Industria, así como polo Fondo Feder. Así mesmo, os beneficiarios serán informados de que a aceptación da subvención implica a súa inclusión na lista pública de beneficiarios prevista nos artigos 6 e 7.2.d) do Regulamento (CE) nº 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006.

12.3. Na resolución denegatoria de axuda farase constar o motivo da denegación.

12.4. Transcorridos 10 días hábiles a partir do seguinte ao da publicación da resolución definitiva sen que o interesado comunique expresamente a súa renuncia á subvención entenderase que a acepta, e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiario. A aceptación por parte do interesado suporá a obriga de cumprir as condicións establecidas



na resolución, nas bases reguladoras da axuda e nas demais disposicións legais e regulamentarias que sexan de aplicación. A renuncia á subvención poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992. No caso de que o beneficiario renunciase ás axudas unha vez percibidas, procederáse conforme ao artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia.

12.5. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de cinco meses desde a presentación da solicitude completa no Igape, e nunca posterior ao 31 de decembro de 2013, transcorrido o cal se poderá entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

Artigo 13. *Réxime de recursos*

As resolucións ditadas ao abeiro destas bases porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interperse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso contencioso-administrativo, ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Potestativamente, recurso previo de reposición que resolverá a persoa titular da Dirección Xeral do Igape, por delegación do Consello de Dirección do Igape, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa notificación, ou no prazo de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 14. *Notificacións*

Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido no artigo 24 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Artigo 15. *Modificación da resolución*

15.1. Poderanse solicitar modificacións da resolución, tramitando o formulario sinalado no artigo 8 destas bases e presentando a súa instancia dirixida ao director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica. A solicitude de modificación deberá presentarse con anterioridade mínima de tres meses ao vencemento do prazo de execución do proxecto. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado polo di-



rector xeral do Igape, por delegación do Consello de Dirección do Igape, logo da instrución do correspondente expediente no cal se lles dará audiencia aos interesados.

15.1.1. En ningún caso a modificación poderá supoñer a elevación da contía da base subvencionable e da axuda inicialmente aprobadas, nin se admitirán nin aprobarán modificacións que supoñan unha execución total inferior ao 50 % do gasto subvencionable inicialmente aprobado, que danen dereitos de terceiros ou teñan en conta requisitos ou circunstancias que debendo concorrer no momento en que se ditou a resolución tiveron lugar con posterioridade a ela.

15.2. Sen necesidade de instar procedemento de modificación ou de incumprimento da subvención, o Igape poderá aceptar variacións nos diversos capítulos de gasto aprobados, coa dobre condición de que a oscilación, en máis ou menos, non supere o 20 % de cada capítulo e que, no seu conxunto, non varíe o importe total de gasto aprobado nin da axuda concedida, nin desvirtúe as características do proxecto e condicións que fosen tidas en conta para resolver a concesión.

Artigo 16. *Obrigas dos beneficiarios*

Son obrigas dos beneficiarios:

a) Executar o proxecto que fundamenta a concesión das subvencións no prazo establecido na resolución de concesión e manter os investimentos en inmobles durante polo menos 5 anos dende a finalización do prazo de execución do proxecto e manter o resto de investimentos e o emprego tido en conta na concesión durante polo menos 3 anos desde a finalización do dito prazo. Na súa virtude, a axuda concedida só será definitiva se a situación inicial tida en conta para a concesión non sofre unha modificación substancial que afecte a natureza do investimento, o cesamento da actividade ou os postos de traballo. A axuda está condicionada ao respecto desas condicións e será obxecto dun procedemento de reintegro noutro caso.

b) Xustificar ante o Igape o cumprimento dos requisitos e condicións da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou gozo da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o Igape, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, en especial a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma,



o Tribunal de Contas, o Consello de Contas, os órganos de control da Comisión Europea, achegando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. O beneficiario deberá conservar a documentación por un período de tres anos a partir do peche do programa operativo Feder 2007-2013 de Galicia, tal como se define no artigo 89, punto 3 do Regulamento 1083/2006, do Consello.

d) Comunicar ao Igape a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentaran a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos. En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas, supere as porcentaxes establecidas no punto 5.1 destas bases respecto do custo elixible do proxecto que vai desenvolver o beneficiario.

e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como a documentación xustificativa da realización e aboamento dos gastos e investimentos subvencionables, durante polo menos un período de tres anos a partir do peche do programa operativo Feder de Galicia 2007-2013, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

f) Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados con fondos Feder.

g) Darlle publicidade ao financiamento polo Igape dos gastos que sexan obxecto de subvención, consistente na inclusión da imaxe institucional do Igape e a Consellería de Economía e Industria, e Feder, así como lendas relativas ao financiamento público nos stands, carteis, placas conmemorativas, materiais impresos que vaian ser obxecto de difusión mais alá do uso exclusivo do solicitante, medios electrónicos audiovisuais, convocatorias e difusión de eventos ou ben en mencións realizadas noutros medios de comunicación, que teñan relación co proxecto subvencionado, sen prexuízo das normas sobre publicidade establecidas na normativa comunitaria, se é o caso, que sexan de aplicación, así como as normas e instrucións contidas no manual de imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Os logotipos poderanse descargar no enderezo da internet <http://www.igape.es>.



Para dar publicidade do financiamento atenderase ao establecido no Decreto 409/2009, do 5 de novembro, polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia (DOG núm. 227, do 19 de novembro) e nos artigos 8 e 9 do Regulamento (CE) nº 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006, e no artigo 1, puntos 1) e 2) do Regulamento (CE) nº núm. 846/2009 da Comisión, do 1 de setembro de 2009. Estas medidas están recollidas na «Guía de Publicidade e información das intervencións cofinanciadas polos fondos estruturais 2007-2013», que pode consultarse na páxina web www.conselleriadefacenda.es.

h) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, total ou parcialmente, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión ou nos supostos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

i) No caso de non ser quen de realizar o proxecto para o que se concedeu a axuda, comunicar a renuncia ao expediente solicitado no momento en que se produza a certeza da non execución.

j) Todo isto sen prexuízo das demais obrigas que resulten do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 17. *Xustificación da subvención*

17.1. Os beneficiarios deberán presentar a solicitude de cobramento da subvención no prazo improrrogable dun mes desde o remate do prazo de execución establecido na resolución de concesión sen que nunca poida exceder do 30 de outubro do exercicio correspondente á anualidade establecida na resolución de concesión (en caso de coincidir en sábado ou día inhábil en Santiago de Compostela, o prazo finalizará o día hábil seguinte), excepto no caso de presentación de recurso administrativo no que a data límite se establecerá na resolución que o resolva.

17.2. Para presentar a solicitude de cobramento, o beneficiario deberá cubrir previamente o formulario de liquidación a través da aplicación establecida no enderezo da internet <http://tramita.igape.es>. Deberán cubrirse necesariamente todos os campos do formulario establecidos como obrigatorios, tras o cal a aplicación emitirá un identificador de documento electrónico de liquidación (IDEL), que identificará univocamente a solicitude de cobramento. Este IDEL estará composto de 40 caracteres alfanuméricos e obterase mediante o algoritmo estándar de extractado SHA-1 160 bits a partir do documento electrónico xerado pola aplicación citada anteriormente. Este formulario conterá os requisitos establecidos no artigo 48 do Decreto 11/2009 para a presentación da conta xustificativa.



17.3. A solicitude de cobramento presentarase mediante a instancia normalizada que a título informativo figura como anexo II a estas bases, na cal será obrigatorio a inclusión dos 40 caracteres alfanuméricos do IDEL obtido no paso anterior. As solicitudes de cobramento que carezan do IDEL ou nas cales este sexa erróneo (sexa porque ten un formato erróneo ou porque non foi xerado pola aplicación informática) poderán dar lugar ao inicio do expediente de incumprimento no caso de non seren corrixidas, logo de requirimento formulado para tal fin.

17.4. O beneficiario presentará a solicitude de cobramento co IDEL no rexistro xeral dos servizos centrais do Igape, nas súas oficinas territoriais ou a través dalgunha das formas recollidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, acompañada da documentación establecida no artigo 17.6 en orixinal ou copia cotexada.

Así mesmo, poderá asinar electronicamente a instancia de solicitude de cobramento co IDEL e presentalo no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>), sempre que cumpra os requisitos previstos no anterior artigo 8.7. Neste tipo de presentación, de conformidade co artigo 35.2 da Lei 11/2007, o beneficiario deberá achegar coa solicitude de cobramento as copias dixitalizadas dos documentos relacionados no artigo 17.6, responsabilizándose e garantindo a persoa que asina a solicitude a fidelidade dos ditos documentos co orixinal mediante o emprego da súa sinatura electrónica. O Igape poderá requirir ao beneficiario a exhibición do documento ou da información orixinal. A achega de tales copias implica a autorización para que a Administración acceda e trate a información persoal contida en tales documentos.

17.5. No caso de que a solicitude de cobramento non se presentase en prazo ou a xustificación fose incorrecta, requirirase o beneficiario para que corrixa os erros ou defectos observados no prazo de 10 días. A falta de presentación da xustificación no prazo improrrogable establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, segundo o disposto no artigo 45.2 do seu regulamento. A presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o beneficiario das sancións que, conforme a lei, correspondan. A xustificación cumprirá, en todo caso, os requisitos establecidos nos artigos 28 e 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

17.6. Xunto coa solicitude de cobramento o beneficiario da axuda presentará:

a) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente, xustificativos do gasto da actividade. No caso de construción de inmobles requirirase escritura pública, de acordo co establecido no artigo 29.4 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.



b) A documentación acreditativa do pagamento, por algún dos seguintes medios:

i) Xustificante de transferencia bancaria ou documentos mercantís utilizados como medios de pago emitidos e con vencemento dentro do período de execución do proxecto, así como o seu cargo en conta. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pago. Os extractos bancarios a través da internet deberán ter estampado o selo orixinal da entidade financeira.

ii) Certificación bancaria orixinal conforme o pagamento ten sido realizado efectivamente dentro do prazo de execución do proxecto. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento, así como a data efectiva desta.

iii) Informe de auditor de contas inscrito como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas. Os beneficiarios da axuda que presenten este informe sobre a conta xustificativa presentada polo beneficiario, con pronunciamento expreso sobre a existencia e veracidade da documentación xustificativa relacionada neste artigo 17.6 terán prioridade na tramitación da súa solicitude.

No suposto de que o xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas, selada e asinada polo representante legal.

No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante algún dos medios sinalados nos puntos anteriores para as facturas alegadas no proxecto e, ademais algún dos seguintes documentos: relación emitida e selada polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da empresa selada polo banco ou recibín orixinal asinado e selado polo proveedor, para os efectos de identificar as facturas non referidas ao proxecto.

As facturas en moeda estranxeira deben presentarse con copia dalgún destes xustificantes de tipo de cambio a euros:

- Documentos bancarios de cargo en euros nos que conste o tipo de cambio empregado.
- Cotización oficial publicada polo Banco de España ou Banco Central Europeo correspondente á data do pagamento da factura.
- Para outros tipo de cambio atenderase a tipos de cambio do mercado de divisas á data do pagamento das facturas.



c) Se é o caso, licenza de obras.

d) No caso de investimentos en activos intanxibles, deberán acreditarse as condicións establecidas no artigo 6.5 destas bases, mediante informe de auditor inscrito como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, que verifique o cumprimento das condicións 2º, 3º e 4º do citado artigo.

e) A licenza de apertura e acreditación polo beneficiario de ter obtido as autorizacións administrativas que, se é o caso, correspondan ao seu proxecto.

f) A copia en formato impreso ou en formato dixital -que permita a súa lectura-, de material onde se aprecie que se cumpriu a obrigatoriedade de publicidade do financiamento público citada no artigo 16.g) destas bases.

g) O certificado de vida laboral durante o período de execución do proxecto do promotor, expedido pola Administración competente, para acreditar a xustificación da dedicación plena á actividade empresarial.

h) O certificado do secretario do consello de administración ou persoa con poder suficiente, que indique a composición do capital e as súas modificacións durante o período de execución do proxecto, achegando, se é o caso, as escrituras correspondentes, para os efectos de acreditar que a composición accionarial do beneficiario durante o período de execución do proxecto se axustou ao disposto no artigo 2 destas bases.

i) A alta censual da empresa ou último recibo do IAE pagado na actividade subvencionada.

j) Se é o caso, contrato de aluguer a nome do titular do expediente, en que se faga constar que o ben se destinará ao fin concreto para o que se concedeu a subvención. No caso de que entre a base subvencionable figuren investimentos que, pola súa natureza, se incorporen definitivamente ao inmovible arrendado (reformas etc), o contrato de arrendamento deberá outorgarse por un período mínimo de 5 anos contados desde o remate do prazo de execución do proxecto, adicionais ao período subvencionable.

k) No caso de creación de emprego indefinido por conta allea copia dos contratos de traballo formalizados e rexistrados no SEPE e certificados de vida laboral da empresa ao día de solicitude de axuda do ano de convocatoria da axuda e á data límite de execución do proxecto aprobado.



Así mesmo, no caso de contratacións de persoas de colectivos con dificultades de acceso ao emprego, deberán achegar relación, selada e asinada polo representante legal da empresa, dos mesmos indicando: nome, apelidos e NIF, co obxecto de solicitar os informes oportunos ao Servizo Público de Emprego de Galicia, respecto do cumprimento dos requisitos para a pertenza ao dito colectivo.

O Igape poderá solicitar as aclaracións pertinentes á documentación achegada.

17.7. O beneficiario deberá cubrir na ficha resumen de facturas do formulario de liquidación os seguintes datos relativos á contabilidade nos que se reflectan os custos subvencionados para acreditar a obriga establecida no artigo 16.f): número de asiento, data do asiento e número de conta contable, xunto cunha declaración responsable do beneficiario de que estes datos reflecten a realidade contable da operación subvencionada.

17.8. En todos os casos, os beneficiarios deberán estar ao día das súas obrigas coa Fazenda pública, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social, e cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e no seu regulamento, para ser beneficiario da axuda.

17.9. Advírtese que calquera discrepancia entre a documentación xustificativa e as declaracións da solicitude de axuda poderá ser motivo de inicio de expediente de incumprimento que, se é o caso, poderá supor a modificación ou revogación da concesión e o reintegro, de ser o caso, das cantidades previamente aboadas.

Artigo 18. *Aboamento das axudas*

18.1. Con carácter xeral, o aboamento das axudas realizarase unha vez que o Igape considere xustificada a realización do proxecto e o cumprimento das condicións dentro do prazo establecido na resolución de concesión.

18.2. Os órganos competentes do Igape ou as súas entidades colaboradoras poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do proxecto que consideren convenientes.

18.3. Sen necesidade de iniciar procedemento de reintegro, no caso de que o beneficiario xustifique gastos por importe inferior ao establecido na resolución de concesión, e sempre e cando o gasto xustificado iguale ou supere o 50 % do gasto subvencionable establecido, non desvirtúe o proxecto aprobado e o beneficiario manifeste a súa conformidade,



o pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada calculado en función da porcentaxe subvencionada do custo final da actividade.

Artigo 19. Perda do dereito á subvención e reintegro das axudas

19.1. Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación do cumprimento do proxecto, das condicións impostas na resolución de concesión, das obrigas contidas nestas bases reguladoras, das obrigas contidas no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

19.2. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

19.3. Incumplimento parcial: sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tomadas en conta na concesión das axudas, o lgape poderá apreciar un incumplimento parcial, debendo resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumplida na resolución de concesión e, se e o caso, establecendo a obriga de reintegro cos seguintes criterios:

a) No caso de condicións referentes á contía ou conceptos da base subvencionable, o alcance do incumplimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables, debendo, se é o caso, reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción. Con carácter xeral, se o incumplimento superase o 50 % da base subvencionable do proxecto, entenderase que o dito incumplimento é total, debendo reintegrarse todas as cantidades percibidas e os seus xuros de demora.

b) Non será necesario iniciar procedemento de incumplimento cando se xustifiquen gastos por importe inferior ao aprobado na resolución de concesión, sempre que non sexan inferiores ao 50 % deste, que a minoración non desvirtúe o proxecto, que se cumpran o resto das condicións da resolución e que o beneficiario manfeste a súa conformidade coa minoración proporcional da subvención en función dos gastos xustificadas.

c) No caso de incumplimento doutras condicións, o seu alcance será determinado en función do grao e entidade da condición incumplida.



Artigo 20. Réxime sancionador

Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 21. Fiscalización e control

Os beneficiarios destas subvencións someteranse ás actuacións de control que realice o Instituto Galego de Promoción Económica para o seguimento dos proxectos aprobados e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas así como ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Artigo 22. Comprobación de subvencións

22.1. O órgano concedente e as súas entidades colaboradoras comprobarán a axeitada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o goce da subvención. O prazo para a comprobación material de facturas e xustificantes de gasto será de 3 anos posteriores ao peche do programa operativo Feder 2007-2013 de Galicia, tal como se define no artigo 89, punto 3 do Regulamento 1083/2006, do Consello.

22.2. Nas subvencións de capital superiores a 60.000 euros, no seu cómputo individual, destinadas a investimentos en activos tanxibles, será de aplicación o establecido no artigo 60.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

22.3. Para todo o non previsto nos puntos anteriores será aplicable o disposto no artigo 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 23. Publicidade

23.1. De conformidade co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o Igape e a Consellería de Economía e Industria incluírán as axudas concedidas ao abeiro destas bases e as sancións, que como consecuencia delas puidesen impoñer, nos correspondentes



registros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

23.2. De acordo co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública galega e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Igape publicará as subvencións concedidas ao abeiro destas bases na páxina web do Igape, www.igape.es e no *Diario Oficial de Galicia* expresando a norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos do beneficiario e da súa publicación nos citados medios.

A publicación no *Diario Oficial de Galicia* realizarse no prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución das concesións. Non obstante, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web do Instituto Galego de Promoción Económica.

Artigo 24. *Remisión normativa*

Para todo o non previsto nestas bases aplicarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, no Regulamento (CE) nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008 (DOUE L 214, do 9 de agosto), polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE, no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis* (DOUE L 379/5 do 28.12.2006), no Regulamento (CE) nº 1083/2006, Regulamento Xeral de Fondos (modificado polo Regulamento (CE) nº 846/2009), no Regulamento (CE) nº 1080/2006, do 5 de xullo de 2006 do Parlamento Europeo e do Consello (DOUE L 210/1, do 31 de xullo) e no resto da normativa que resulte de aplicación.

En canto ao cómputo de prazos, aplicarase o disposto no artigo 48 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.





ANEXO I

PROCEDIMENTO AXUDAS DO IGAPE AOS PROXECTOS DE CREACIÓN DE PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS OU DE REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS EN PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS NOVAS PROMOVIDAS POR NOVOS EMPREENDEDORES, COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2007-2013.	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO IG406F	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

ENTIDADE			NIF
ACTIVIDADE	CORREO ELECTRÓNICO		
NOME E APELIDOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL (de ser o caso)			NIF
DOMICILIO POSTAL DA ENTIDADE	PROVINCIA	CONCELLO	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

SOLICITUDE PARA

IG107 –Proxectos de creación de pequenas e medianas empresas ou de realización de investimentos en pequenas e medianas empresas novas promovidas por novos emprendedores.

As axudas obxecto desta solicitude estarán cofinanciadas nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2007-2013, eixe 2, tema prioritario 09, actuación 4.

Debe indicar a continuación, de forma obrigatoria, o identificador de documento electrónico (IDE) obtido da aplicación informática para cubrir solicitudes, e o código de comprobación.

IDENTIFICADOR DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO (IDE) – 40 DÍXITOS ALFANUMÉRICOS – SHA 1 160 BITS	CÓDIGO DE COMPROBACIÓN
--	------------------------

O/A solicitante declara ter obtido nos servizos web do Igape (<http://tramita.igape.es>) un documento electrónico cuxo identificador de documento electrónico (IDE) aparece no cadro anterior. O contido deste documento forma, para todos os efectos, parte integrante desta solicitude.

DOCUMENTACIÓN QUE O SOLICITANTE PRESENTA OU IDENTIFICA EN PODER DO IGAPE	PRESENTA	DISPONIBLE NO PROCEDIMENTO	ANO
I.- Para todas as solicitudes:			
<input type="checkbox"/> Certificado de vida laboral á data de solicitude de axuda dos promotores (persoas físicas) que cumpren a condición de novo emprendedor segundo o artigo 1 das bases reguladoras.	<input type="checkbox"/>		
<input type="checkbox"/> Declaración asinada por todos os promotores que, cumprindo as condicións de novo emprendedor, vaian dedicarse en exclusiva ao proxecto empresarial para o que se solicita axuda.	<input type="checkbox"/>		
<input type="checkbox"/> Plan de empresa, o cal se debe xuntar como documento ao formulario de solicitude.	<input type="checkbox"/>		
<input type="checkbox"/> As tres ofertas que, en aplicación do artigo 29.3º da Lei de subvencións de Galicia, deba ter solicitado o beneficiario, de acordo co establecido no artigo 6.8 das bases reguladoras.	<input type="checkbox"/>		
<input type="checkbox"/> Proxecto técnico visado elaborado para a obtención da correspondente licenza urbanística no caso de proxectos que contemplan gastos de obra civil (construción ou reforma de nave, oficinas, locais comerciais, etc). Exceptúase da necesidade de presentación de proxecto técnico a execución de obras ou instalacións menores.	<input type="checkbox"/>		
II.- Para sociedades xa constituídas:			
<input type="checkbox"/> Escritura de constitución e dos estatutos debidamente inscritos no rexistro competente.	<input type="checkbox"/>		
<input type="checkbox"/> Poder do representante que presenta a solicitude, inscrito, se é o caso, no rexistro competente.	<input type="checkbox"/>		
III.- Para sociedades en constitución:			
<input type="checkbox"/> Certificado do Rexistro Xeral de Sociedades Mercantís da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado do Ministerio de Xustiza, ou do rexistro competente, de non figurar inscrita a futura denominación social da entidade que se vai constituir.	<input type="checkbox"/>		
<input checked="" type="checkbox"/> Proxecto de estatutos da sociedade, o cal se debe xuntar como documento ao formulario de solicitude.	<input type="checkbox"/>		

Solicito que as notificacións do Igape acerca deste expediente se efectúen por vía telemática (Para utilizar esta opción debe dispor de certificado dixital que cumpra o especificado nas bases desta convocatoria. O Igape enviará un aviso ao enderezo de correo indicado, e o asinante da solicitude deberá recoller a notificación formal no enderezo da internet <http://tramita.igape.es>, logo de identificación mediante certificado).





Os datos recollidos nesta instancia pasarán a formar parte dos ficheiros automatizados do Igape. A empresa ou entidade solicitante AUTORIZA expresamente o Igape:

- Para ceder os datos de carácter persoal incluídos na súa solicitude, a aquelas entidades coas cales o Instituto colabore para os efectos de tramitar o correspondente expediente administrativo, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, para incluír nos rexistros creados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes e relativos a estas axudas, así como para o envío periódico de información sobre axudas e actividades de interese para o solicitante. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Dirección Xeral do Igape. Complexo Administrativo de San Lázaro s/n, 15703, Santiago de Compostela.

- Para o tratamento necesario dos seus datos como beneficiario da axuda concedida ao abeiro destas bases e a súa cesión coa finalidade de publicalos nas páxinas web oficiais do Igape e da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cos puntos 3 e 4 do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, que establecen que o Igape publicará no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro destas bases; e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións que como consecuencia delas puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos. De acordo cos artigos 6 e 7.2º.d) do Regulamento (CE) nº 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006, se a súa solicitude de axuda resulta aprobada, o nome do beneficiario, a operación e o importe da axuda será obxecto de publicación.

- Para que solicite da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Consellería de Facenda, e da Seguridade Social, a información á que se refire o artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación co cumprimento por parte do solicitante das obrigas tributarias estatais e autonómicas, as obrigas coa Seguridade Social e de ausencia doutras débedas coa comunidade autónoma.

- Para que comprobe os seus datos de carácter persoal de acordo co establecido no Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.

SI NON

- Para obter directamente por vía telemática das distintas administracións públicas toda a información requirida para a tramitación do seu expediente (CIF, IAE, certificado de vida laboral dos promotores, escritura de constitución e estatutos, poder do representante, certificado de non figurar inscrita a futura denominación social).

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 20 de maio de 2013 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) que aproba as bases reguladoras das axudas do Igape aos proxectos de creación de pequenas e medianas empresas ou de realización de investimentos en pequenas e medianas empresas novas promovidas por novos emprendedores, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007- 2013 e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.

SINATURA DO/DA SOLICITANTE E/OU REPRESENTANTE LEGAL

Lugar e data

de

Dirección Xeral do Igape

ESPAZO RESERVADO PARA A ADMINISTRACIÓN

SELO DE REGISTRO DE ENTRADA

NÚMERO DE EXPEDIENTE




ANEXO II
SOLICITUDE DE COBRAMENTO

Axudas do Igape aos proxectos de creación de pequenas e medianas empresas ou de realización de investimentos en pequenas e medianas empresas novas promovidas por novos emprendedores, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2007-2013

EXPEDIENTE

DATOS DE IDENTIFICACIÓN

TITULAR		NIF	
ENDEREZO		TELÉFONO	
DATA RESOLUCIÓN	IMPORTE SUBVENCIONABLE APROBADO (EUROS)	SUBVENCIÓN CONCEDIDA (EUROS)	DATA DE REMATE DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO PROXECTO

Debe indicar, de forma obrigatoria, o identificador de documento electrónico de liquidación (IDEL) obtido da aplicación informática para cubrir o formulario de liquidación e o seu código de comprobación.

IDENTIFICADOR DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO (IDEL) – 40 DÍXITOS ALFANUMÉRICOS – SHA 1 160 BITS	CÓDIGO DE COMPROBACIÓN
---	------------------------

O/A solicitante declara que obtivo nos servizos web do Igape (<http://tramita.igape.es>) un documento electrónico cuxo identificador de documento electrónico de liquidación (IDEL) aparece no cadro anterior. O contido deste documento forma, para todos os efectos, parte integrante da presente solicitude de cobramento.

Nota: Este IDEL é un código novo, non sendo válido o IDE obtido para a presentación da solicitude de axuda.

Don/Dona _____ con NIF nº _____, actuando en nome e representación da entidade arriba indicada, titular dun expediente de axudas outorgado polas disposicións arriba mencionadas:

EXPÓN:

Que no período comprendido entre o _____ e o _____ incorreu en gastos que comprenden conceptos e importes aprobados como subvencionables para o proxecto aceptado pola resolución de concesión por un importe de _____ euros. Os ditos gastos, cuxa relación se fixo constar no formulario electrónico de liquidación a que se refire esta solicitude, reflíctense fielmente na contabilidade da empresa e, no seu caso, os activos fixos correspondentes aos investimentos incorporáronse ao patrimonio da empresa.

Que para a tramitación desta solicitude de liquidación de subvención e de acordo coas bases reguladoras destas axudas sobre o procedemento de xustificación, liquidación e pagamento, presenta a documentación requirida na resolución de concesión de axuda.

DECLARA:

Que os datos consignados nesta solicitude relativos á conta bancaria aberta ao nome da empresa arriba indicada son certos. A falsidade do declarado determinará a imposibilidade de percibir, de ser o caso, os dereitos recoñecidos no procedemento administrativo desde o momento en que se teña constancia da falsidade, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que procedan.

E por todo iso,

SOLICITA:

Que lle sexa aboada á empresa arriba indicada o importe de _____ euros, ingresándose na seguinte conta bancaria.

Entidade	Sucursal	D.C.	Nº Conta

_____, de _____ de _____
 (Sinatura do/a representante)





ANEXO III LOCALIZACIÓNS PREFERENTES

Axudas do Igape aos proxectos de creación de pequenas e medianas empresas ou de realización de investimentos en pequenas e medianas empresas novas promovidas por novos emprendedores, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2007-2013

a) Para os proxectos que se van implantar nos seguintes concellos, nos criterios de determinación do importe da subvención, o criterio de localización puntuarase con 20 puntos:

- Concellos das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegá: A Capela, As Pontes, Ares, Cabanas, Cariño, Cedeira, Cerdido, Fene, Ferrol, Mañón, Moeche, Monfero, Mugar dos, Narón, Neda, Ortigueira, Pontedeume, San Sadurniño, As Somozas, Valdoviño.
- Concellos da Costa da Morte: A Laracha, Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Corcubión, Coristanco, Dumbria, Fisterra, Laxe, Malpica, Mazaricos, Muros, Muxía, Ponteceso, Santa Comba, Vimianzo, Zas.
- Concellos da provincia de Lugo.
- Concellos da provincia de Ourense.

b) Para os proxectos que se van implantar nos seguintes concellos, nos criterios de determinación do importe da subvención, o criterio de localización puntuarase con 10 puntos:

PROVINCIA DA CORUÑA

Abegondo	Dodro	Pino, O
Aranga	Frades	Porto do Son
Arzúa	Irixoa	Rois
Baña, A	Lousame	Santiso
Betanzos	Melide	Sobrado
Boimorto	Mesía	Toques
Boqueixón	Negreira	Tordoia
Brion	Noia	Touro
Cerceda	Ordes	Trazo
Cesuras	Outes	Val do Dubra
Coirós	Oza dos Ríos	Vedra
Curtis	Paderne	Vilasantar
	Padrón	Vilarmaior

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Agolada	Dozón	Oia
Arbo	Estrada, A	Pazos de Borbén
Barro	Forcarei	Ponte Caldelas
Campo Lameiro	Fornelos de Montes	Pontecesures
Cañiza, A	Lama, A	Portas
Catoira	Lalín	Rodeiro
Cerdedo	Meis	Salvaterra de Miño
Cotobade	Mondariz	Silleda
Covelo, O	Mondariz – Balneario	Vila de Cruces
Crecente	Moraña	Valga
Cuntis	Neves, As	

c) Para os proxectos que se van implantar nos restantes municipios, nos criterios de determinación do importe da subvención, o criterio de localización puntuarase con 5 puntos.





ANEXO IV SECTORES PRIORITARIOS

Axudas do Igape aos proxectos de creación de pequenas e medianas empresas ou de realización de investimentos en pequenas e medianas empresas novas promovidas por novos emprendedores, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2007-2013

Para os proxectos dos seguintes sectores, nos criterios de determinación do importe da subvención o criterio de sector de actividade puntuarase con 20 puntos.

1. Sector auxiliar de automoción.
2. Industria da madeira.
3. Industria de transformación agroalimentaria.
4. Sector moda (confección e complementos), agás o que se refira ao sector das fibras sintéticas tal como o define o anexo II das Directrices comunitarias sobre axudas de estado de finalidade rexional para o período 2007-2013 (2006/C 54/08), DOUE do 04/03/2006
5. Industria aeronáutica e auxiliar.
6. Sector náutica deportiva e de recreo e auxiliar de náutica deportiva e de recreo.
7. Sector químico e industria farmacéutica.
8. Fabricación de material sanitario.
9. Biotecnoloxía, biomecánica.
10. Fabricación de equipos ambientais.
11. Fabricación de equipos e sistemas para instalacións de enerxías renovables.
12. Eliminación, valorización ou reciclaxe de residuos.
13. Servizos e desenvolvemento de software.
14. Sector audiovisual e desenvolvemento de contidos.
15. Centros telemáticos.





ANEXO V
TÁBOA CON DATOS DO VALOR ENGADIDO BRUTO MEDIO POR SECTORES DE ACTIVIDADE

Axudas do Igape aos proxectos de creación de pequenas e medianas empresas ou de realización de investimentos en pequenas e medianas empresas novas promovidas por novos emprendedores, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2007-2013

SECTORES DE ACTIVIDADE	VEB
01 Agricultura; gandería; caza e servizos relacionados con estas	21,21%
02 Silvicultura e explotación forestal	47,80%
03 Pesca e acuicultura	30,95%
05 Extracción de antracita; hulla e lignito	87,67%
07 Extracción de minerais metálicos	55,75%
08 Outras industrias extrativas	45,38%
09 Actividades de apoio ás industrias extrativas	4,12%
10 Industria da alimentación	14,46%
11 Fabricación de bebidas	27,79%
13 Industria téxtil	29,01%
14 Confección de pezas de roupa	22,67%
15 Industria do coiro e do calzado	30,47%
16 Industria da madeira e da cortiza; excepto mobles; cestería e espartaría	21,68%
17 Industria do papel	22,69%
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	37,51%
20 Industria química	14,46%
21 Fabricación de produtos farmacéuticos	69,78%
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	24,20%
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	23,56%
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro; aceiro e ferroaleacións	9,24%
25 Fabricación de produtos metálicos; excepto maquinaria e equipo	30,36%

SECTORES DE ACTIVIDADE	VEB
50 Transporte marítimo e por vías navegables interiores	46,06%
51 Transporte aéreo	42,05%
52 Almacenamento e actividades anexas ao transporte	47,55%
53 Actividades postais e de correos	10,77%
55 Servizos de aloxamento	48,06%
56 Servizos de comidas e bebidas	38,28%
58 Edición	41,84%
59 Actividades cinematográficas; de vídeo e de programas de televisión; gravación de son e edición musical	46,44%
60 Actividades de programación e emisión de radio e televisión	-89,90%
61 Telecomunicacións	23,97%
62 Programación; consultoría e outras actividades relacionadas coa informática	60,96%
63 Servizos de información	58,34%
64 Servizos financeiros; excepto seguros e fondos de pensións	90,15%
65 Seguros; reaseguros e fondos de pensións; excepto Seguridade Social obrigatoria	18,78%
66 Actividades auxiliares aos servizos financeiros e aos seguros	82,94%
68 Actividades inmobiliarias	49,90%
69 Actividades xurídicas e de contabilidade	69,06%
70 Actividades das sedes centrais; actividades de consultoría de xestión empresarial	34,41%
71 Servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría; ensaios e análise técnicas	46,44%
72 Investigación e desenvolvemento	55,10%
73 Publicidade e estudos de mercado	25,53%



26 Fabricación de produtos informáticos; electrónicos y ópticos	38,17%	74 Outras actividades profesionais; científicas e técnicas	48,06%
27 Fabricación de material e equipo eléctrico	16,28%	75 Actividades veterinarias	44,92%
28 Fabricación de maquinaria e equipo n.c.o.p.	33,61%	77 Actividades de aluguer	45,75%
29 Fabricación de vehículos de motor; remolques e semirremolques	14,65%	78 Actividades relacionadas co emprego	92,66%
30 Fabricación doutro material de transporte	7,10%	79 Actividades de axencias de viaxes; operadores turísticos; servizos de reservas e actividades relacionadas cos mesmos	9,26%
31 Fabricación de mobles	33,05%	80 Actividades de seguridade e investigación	75,87%
32 Outras industrias manufactureiras	39,13%	81 Servizos a edificios e actividades de xardinaría	58,47%
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipo	29,80%	82 Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares ás empresas	60,92%
35 Subministración de enerxía eléctrica; gas; vapor e aire acondicionado	59,66%	85 Educación	51,47%
36 Captación; depuración e distribución de auga	56,20%	86 Actividades sanitarias	56,17%
37 Recollida e tratamento de augas residuais	37,60%	87 Asistencia en establecementos residenciais	71,44%
38 Recollida; tratamento e eliminación de residuos; valorización	52,25%	88 Actividades de servizos sociais sen aloxamento	67,81%
39 Actividades de descontaminación e outros servizos de xestión de residuos	32,97%	90 Actividades de creación; artísticas e espectáculos	34,55%
41 Construción de edificios	22,71%	91 Actividades de bibliotecas; arquivos; museos e outras actividades culturais	65,86%
42 Enxeñaría civil	21,87%	92 Actividades de xogos de azar e apostas	26,27%
43 Actividades de construción especializada	35,42%	93 Actividades deportivas; recreativas e de entretemento	49,95%
45 Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	14,49%	94 Actividades asociativas	43,58%
46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio; excepto de vehículos de motor e motocicletas	10,87%	95 Reparación de ordenadores; efectos personais e artigos de uso doméstico	36,23%
47 Comercio polo miúdo; excepto de vehículos de motor e motocicletas	23,90%	96 Outros servizos persoais	47,00%
49 Transporte terrestre e por tubaxe	35,00%	99 Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	52,97%





ANEXO VI CRITERIOS DE MÓDULOS DE CUSTOS SUBVENCIONABLES MÁXIMOS

Axudas do Igape aos proxectos de creación de pequenas e medianas empresas ou de realización de investimentos en pequenas e medianas empresas novas promovidas por novos emprendedores, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2007-2013

Módulos de custo máximo aplicables:

1. OBRA CIVIL (construcións e rehabilitacións)

- Espazos industriais e loxísticos:

1. Naves: 252 €/m²
2. Oficinas: 303 €/m²
3. Naves con instalacións frigoríficas: 315 €/m²

Reforma ou rehabilitación: redución ao 80 % dos valores anteriores

- Sector turismo: Construción, modernización, rehabilitación ou reforma

1. Edificios: módulo de custo máximo = (M x K) €/m²

M = 365 €

K = 2,75 (hoteles 5 estrelas)

2,25 (hoteles 4 estrelas)

2,00 (hoteles 3 estrelas e turismo rural)

1,75 (hoteles 2 estrelas)

1,50 (hoteles 1 estrela, hostais, pensións)

2. Aparcamentos:

Edificados en edificio: módulo nave industrial

Aparcamentos externos: 40 €/m²

3. Instalacións especiais (piscinas, spas, canchas deportivas, ...):

Respectarase o custo proxectado.

- Sectores de restauración, cafetería, comercio e servizos en xeral:

1. Custos construtivos, reformas ou rehabilitacións : 730 €/m²
2. Aparcamentos e instalacións especiais: aplicarase o establecido no sector turismo.

2. OUTROS INVESTIMENTOS

Investimento máximo en outros activos no sector turismo (mobiliario + decoración + menaxe + ...):

16.672 €/habitación (hoteles 5 estrelas)

11.670 €/habitación (hoteles 4 estrelas)

8.336 €/habitación (hoteles 3 estrelas e turismo rural)

6.669 €/habitación (hoteles 2 estrelas)

